

VI Festival de Música  
e das Artes do CSMVigo

# NAS ONDAS 2021



# VI Festival de Música e das Artes do CSMVigo

## PROGRAMA NASONDAS 2021

### MARZO

<b>Mércores 3</b> 17:30 h. Auditorio Martín Códax	<i>Relatorio: Retórica musical</i> María del Mar Blanco Moreno	<b>SEMANA DA MÚSICA ANTIGA</b>
<b>Xoves 4</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Orquestra Barroca do CSMVigo</i>	<b>SEMANA DA MÚSICA ANTIGA</b>
<b>Venres 5</b> 10 a 14 h. Auditorio Martín Códax	<i>Seminario de Interpretación da Música Antiga para instrumentistas de corda</i> Pavel Amilcar (violín barroco)	<b>SEMANA DA MÚSICA ANTIGA</b>
<b>Martes 9</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Un serán de música rusa: Rachmaninov, Prokofiev e Shostakovich</i> Raúl Rodríguez / Adriana Iglesias	<b>DE PIANO</b>
<b>Mércores 10</b> Mañá	<i>Clases maxistrais - percusión</i> Noé Rodrigo Gisbert	<b>PercusiónFEST</b>
<b>Mércores 10</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Recital de percusión</i> Noé Rodrigo Gisbert (percusión)	<b>PercusiónFEST</b>
<b>Xoves 11</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Unha peregrinaxe a través da literatura pianística</i> Miguel Montes, Sara Minguez, Tania Quintas, Adrián Martínez e Iria Ramos	<b>DEPIANO</b>
<b>Martes 16</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Recital de piano</i> Javier Vázquez Grela	<b>DEPIANO</b>
<b>Mércores 17</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Recital de piano</i> Alba Raña Barreiro	<b>DEPIANO</b>
<b>Martes 23</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Unha viaxe a través do Romanticismo</i> Lara Quesada, Rosa Ana Cayetano, Óscar Paniagua, Marcos Martínez, Nicolás Alén, Andrés Montenegro, Pablo Rodríguez, Lucas López e Laura Formigo	<b>DEPIANO</b>
<b>Mércores 24</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Recital de piano</i> Laura Cimarra / Antonio González Urís	<b>DEPIANO</b>
<b>Xoves 25</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Concertos de Bach para teclados</i> María José Cid, Isabel Gil, Nicasio Gradaillle e Pablo Rodríguez	<b>DEPIANO</b>
<b>Venres 26</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Unha ollada á infancia: J. S. Bach e Chick Corea</i> Sara Minguez, Marcos Martínez, Sara Lía Ochogavías, Nicasio Gradaillle, Laura Formigo e Lucas López	<b>DEPIANO</b>



NAS  
ONDAS 2021

# VI Festival de Música e das Artes do CSMVigo

## PROGRAMA NASONDAS 2021

### ABRIL

Xoves 8 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Dúo Peris & Ortiz Mario Peris (violín) Severino Ortiz (piano)	EXPLURART
Martes 13 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Dúo Nedobora & Rejas Grigory Nedobora (violin) Patricia Rejas (piano)	EXPLURART
Xoves 15 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Kunstlieder - Chansons und Volkslieder Beatriz Arenas Lago (soprano) Felix Justen (guitarra)	EXPLURART
Venres 16 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Bolboreta Ensamble Verxel	EXPLURART
Luns 19 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Xosé Miguélez coa Big Band do CSMVigo	SAXORNADAS
Martes 20 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Dúo Troya & Rodríguez Alejandro Troya (saxofón) Pablo Rodríguez (piano)	SAXORNADAS
Mércores 21 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Ensamble de saxofóns do CSMVigo Alejandro Troya (director)	SAXORNADAS
Xoves 22 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Tangos e músicas do mundo. Concerto de guitarra e ronroco Mariano Gil (guitarra e ronroco)	EXPLURART
Venres 23 18:30 h. Auditorio Martín Códax	Relatorio: As sonatas para viola da gamba e clave de J. S. Bach Alejandro Casal	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA
Venres 23 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Sonatas para viola da gamba e clave de J. S. Bach Sara Ruiz (viola da gamba) Alejandro Casal (clave)	SEMANA DA MÚSICA ANTIGA
Martes 27 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Dúo Valverde & Ortiz Esteban Valverde (clarinete) Severino Ortiz (piano)	EXPLURART
Mércores 28 20:00 h. Auditorio Martín Códax	De naufragios Manuel Morales (frauta), Rafael Yebra (saxofón) Adolfo Caride (trompeta), Mario Peris (violín)	EXPLURART
Xoves 29 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Quintetos de ventos con piano Ricardo Pazo (óboe), Roberto Noche (clarinete) Ainara González (trompa), Óscar Araújo (fagot), Patricia Rejas (piano)	EXPLURART
Venres 30 20:00 h. Auditorio Martín Códax	Concerto Compartido de Grupos de Percusión Percucar (Cmus Profesional de Carballiño), CSMVigo, Attacca (Cmus Profesional de A Coruña) Maratíeica (Portugal).	PercusiónFEST





# VI Festival de Música e das Artes do CSMVigo

## PROGRAMA NASONDAS 2021

### MAIO

<b>Martes 4</b> 18:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Orquestra de corda do CSMVigo</i> Juan Carlos Díaz (director)	<b>AGRUPACIÓNCSMVigo</b>
<b>Martes 4</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Ensamble de metais do CSMVigo</i> Juan Carlos Díaz (director)	<b>AGRUPACIÓNCSMVigo</b>
<b>Mércores 5</b> 18:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Ensamble de madeiras do CSMVigo</i> Juan Carlos Díaz (director)	<b>AGRUPACIÓNCSMVigo</b>
<b>Mércores 5</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Ensamble de clarinetes do CSMVigo</i> Juan Carlos Díaz (director)	<b>AGRUPACIÓNCSMVigo</b>
<b>Xoves 6</b> 19:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Relatorio: Achegamento ao repertorio camerístico de Salvador Brotons</i> Salvador Brotons	<b>EXPLURART</b>
<b>Xoves 6</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Monográfico sobre Salvador Brotons</i> Fernando Raña (flauta), Ricardo Pazo (óboe) Pablo Soto (percusión), Rasa Biveiniene Jakutyte (piano) Conxunto de corda CSMV	<b>EXPLURART</b>
<b>Martes 11</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Concerto de poesía musicada e canción galega</i> Laura Formigo (narradora e piano), Patricia Blanco, Icíar Borges e Aida Cruz (sopranos), Lucas López (barítono) José Manuel Fernández e Carlos Enrique Pérez (piano)	<b>LETRAS GALEGAS</b>
<b>Xoves 13</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Big Band do CSMVigo: arranxos do folclore galego</i> Alejandro Troya (director)	<b>LETRAS GALEGAS</b>
<b>Venres 14</b> 20:00 h. Auditorio Martín Códax	<i>Juan Durán: obra para saxofón e piano</i> Juan Durán (presentación) Dúo Brillante: Marcos Mariño (saxofón), Gabriel López (piano)	<b>LETRAS GALEGAS</b>



### XUÑO

<b>Martes 1</b> 20:00 h. Auditorio de Praza do Rei	<i>Concerto de Premiados no VII Concurso de Música de Cámara do CSMVigo</i>	<b>ABRENTE</b>
--	---	----------------



## PRESENTACIÓN

O Conservatorio Superior de Música de Vigo (CSMV) presenta o VI Festival da Música e das Artes NAS ONDAS, que se desenvolverá entre o 3 de marzo e o 1 de xuño de 2021. A pesar dos condicionantes que a pandemia causada pola COVID-19 nos impón, NAS ONDAS ofrece nesta edición unha programación igual de variada e interesante que en anos anteriores.

NAS ONDAS 2021 posúe un total de 37 eventos, gratuítos e abertos a todo o público en xeral. A maioría son concertos, pero tamén conta con destacados relatorios e clases maxistrais. Como ven sendo habitual, se articula en distintos ciclos: *Semana da Música Antiga, De Piano, PercusiónFest, Saxornadas, Explurart, Abrente e Semana das Letras Galegas*.

Ao longo dos meses que abarca o Festival, as formacións académicas do CSMV, alumnado e profesorado formarán parte dun programa de actos e concertos nos que tamén contaremos coa presenza de destacados músicos convidados, como é o caso do clavecinista Alejandro Casal, o percusionista Noé Rodrigo ou os compositores Salvador Brotons e Juan Durán.

NAS ONDAS 2021 pon de manifesto o dinamismo do CSMV, o seu interese e compromiso coa cultura en tempos de pandemia e, sobre todo, a vontade de ofertar á sociedade que o rodea unha programación musical de calidade que amose a excelencia do traballo desenvolto pola súa comunidade educativa.

NAS ONDAS 2021 debe a súa existencia ó patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia así como do Concello de Vigo a través da súa área de Cultura.

Conservatorio Superior de Música de Vigo



**Mércores, 3 de marzo de 2021, 17:30 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### ***Relatorio: Retórica musical***

María del Mar Blanco Moreno

María del Mar Blanco Moreno é clavecinista, pianista e Licenciada en Ciencias e Historia da Música pola Universidade de Salamanca.

A conferencia presenta dende o campo da retórica musical unha perspectiva diferente de análise: as figuras retórico-musicais axudan á interpretación e á comprensión da obra. No renacemento e no barroco, a retórica era unha materia común e de estudio obligatorio no ámbito do trivium, dentro das 7 artes liberais. Esa formación buscaba mellorar o proceso de comunicación e persuasión, aplicándose a calquera tipo de arte temporal. Esta idea orixinal se está esquecendo por mor doutros aspectos técnico-musicais, aínda que pode aplicarse a todo tipo de música e de estilos. Nesta conferencia, analizaranse as técnicas empregadas para influír emocionalmente nas persoas.



SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

NAS  
ONDAS

Xoves, 4 de marzo de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV



## Orquestra Barroca do CSMVigo

Natalia Rial (soprano)

Lois Prado (óboe barroco)

Pavel Amilcar (violín e dirección)

Angela Neto (violín)

Javier Escobar (viola)

Leire Alonso (viola da gamba)

Adrián Esperón (guitarra barroca)

Uxía Delgado (tiorba e laúde)

Estefanía Cereijo (clave)

Rafael Muñoz (archilaúde e dirección)

A Orquestra Barroca do CSMVigo foi creada para desenvolver con propiedade a materia de Orquestra, común a todas as especialidades de música antiga do centro. Está conformada por alumnado e docentes destas especialidades, coa colaboración puntual de profesores e alumnos doutras especialidades con experiencia no campo da interpretación historicista.

A Orquestra Barroca quere favorecer a difusión da música antiga dentro e fóra do Conservatorio polo que, desde 2017, vén actuando con regularidade en diversas actividades organizadas polo CSMVigo (Festival Nas Ondas, Semana da Música Antiga, Actos de apertura, etc...). Asemade, nalgúns destas actuacións e tamén en proxectos internos vén sendo dirixida por especialistas internacionais no eido da música antiga (Giovanna Fabiano, Raphael Negri, Jean Pierre Van Hees).

O programa de hoxe se centra na forma Concerto do barroco pleno, con e sen solistas. Nas obras de Avison escoitamos unha linguaxe exquisita e cosmopolita, baseada na mestura de varios estilos nacionais europeos, sendo notable a influencia de Geminiani. O concerto de Vivaldi é un magnífico exemplo da alta expresividade do barroco italiano, co interese engadido de ter sido escrito para unha combinación de solistas moi pouco usual. Completan o programa dúas pezas da ópera Alcina de Händel, nas que se unirán á Orquestra a voz e o óboe barroco.

## PROGRAMA

**Charles Avison** (1709 – 1770) *Concerto I Op.9*

- I. Largo
- II. Allegro
- III. Adagio
- IV. Aria con affetto

**Antonio Vivaldi** (1678 – 1741) *Concerto con Viola d'amor e leuto RV 540*

- I. Allegro
- II. Largo
- III. Allegro

Solistas: Angela Neto (violín) e Uxía Delgado (laúde)

**Charles Avison** (1709 – 1770) *Concerto II Op.9*

- I. Largo
- II. Allegro Spiritoso
- III. Lentement
- IV. Aria Cantabile e Vivace

**Georg Friedrich Händel** (1685 – 1759) *Alcina HWV 34*

Overture

Tornami a vagheggiar



**Venres, 5 de marzo de 2021, de 10 a 14 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

***Seminario de Interpretación  
da Música Antiga para instrumentistas de corda***

Pavel Amilcar (violín barroco)

Información sobre inscrición e horarios en  
<https://www.csmvigoactividades.com/cursos>

**Pavel Amilcar**

Estuda violín barroco en Barcelona, na Escola Superior de Música de Catalunya, onde se titula baixo a cátedra de Manfredo Kraemer e Pablo Valetti. En 2011 realiza con Kraemer os seus estudos de Mestrado na mesma institución.

Ten participado profesionalmente con directores de renome como Jordi Savall (Le concert des Nations), Gabriel Garrido (Ensamble Elyma), William Christie, Eduardo López-Banxo (Al Ayre Español), Pierre Hantaï (Le Concert Français), Jean Tubery (La Fenice) y La Fura dels Baus.

Grabou con casas discográficas como Alia Vox, Mirare, Vanitas e Harmonia Mundi. É membro fundador do ensamble Divina Mysteria.

É profesor de violín barroco no Curso de Música do Vallée de la Bresle, Francia, desde 2006, e na actualidade é profesor de violín barroco no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

**INFORMACIÓN SOBRE O SEMINARIO:**

- + Clase magistral de violín barroco.
- + Introdución ao violín barroco e á interpretación da música antiga con criterios históricos.
- + Curso aberto a instrumentistas de violín e viola con ou sen coñecemento de interpretación con criterios históricos.
- + Traballarase a partir das pezas barrocas que acheguen os participantes interesados.



## DE PIANO

**Martes, 9 de marzo de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### **Un serán de música rusa: Rachmaninov, Prokofiev e Shostakovich**



Raúl Rodríguez González (piano)

Adriana Iglesias Martínez (piano)

#### **Raúl Rodríguez González**

Comeza a tocar o piano aos seis anos. Estudou no CMUS Manuel Quiroga de Pontevedra cos profesores Miguel Fontenla e Javier del Río. En 2017 ingresa no CMUS Superior de Vigo onde estuda con Arabel Morález e Nicasio Gradaille. Participou en anteriores edicións do Festival "Nas Ondas" así como no Piano Fórum (Vila Praia de Âncora, Portugal). Recibiu masterclases de Anna Fedorova, Rasa Biveinienne, Severino Oprtiz, Alexander Kandelaki, Aleksandra Zvirblyte, Constantin Sandú, Antonella Costa, Sabrina Zelic e Rosângela Sebba. Actualmente cursa o último curso de Grao superior. É profesor de piano na escola de música Bambera, de Vigo.

#### **Adriana Iglesias Martínez**

Inicia os seus estudos de piano no Conservatorio "Felipe Paz Carvajal" de Noia con Lucía Bustabad. Na actualidade estuda Grao Superior no CMUS Superior de Vigo co profesor Nicasio Gradaille. Recibiu clases de Biljana Gorunovic, Milan Milanidovic, Antonella Costa, Constantin Sandú, Rasa Biveiniene, Viktoria Lakissova e Alexander Gold. Foi finalista no concurso Piano Meeting en 2018 e participou nos cursos Piano Fórum, Bonporti Summer Piano Lab. Ten ofrecido concertos en diversas salas de España, Portugal e Italia.

#### PROGRAMA

#### **Parte I - Adriana Iglesias**

**Sergei Rachmaninov (1873-1943) Tres nocturnos**

- I. Andante Cantabile, Fa # Menor (1887)
- II. Andante Maestoso, Fa Maior (1887)
- III. Andante, Do Menor (1888)

**Sergei Prokofiev (1891-1953) Sonata nº 5, Op. 135, (revisión de 1952)**

- I. Allegro Tranquilo
- II. Andantino
- III. Un poco allegretto

(Pausa de 10 minutos)

#### **Parte II - Raúl Rodríguez**

**Dimitri Shostakovich (1906-1975) Concerto para piano e orquestra nº 2, Op. 102,  
en Fa Maior (versión para 2 pianos)**

- I. Allegro
- II. Andante
- III. Allegro (attaca)

-Nicasio Gradaille (piano II)-

**Mércores, 10 de marzo de 2021, de 9 a 14 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

## ***Clases maxistrais de percusión***

Noè Rodrigo Gisbert

Información sobre inscripción e horarios en

<https://www.csmvigoactividades.com/cursos>

Noè Rodrigo é un xoven percusionista especializado en música contemporánea que, en paralelo á súa carreira como solista, desenvolve unha importante labor como docente e colabora con diferentes ensambles e orquestras arredor do mundo. Foi invitado a algúns dos festivais máis importantes de Europa, como o Festival Printemps des Arts de Monte-Carlo, o Festival Internacional de Música e Danza de Granada, ou o Festival Internacional de Edimburgo, no que actuou como solista coa a Scottish Chamber Orchestra, xunto ao pianista Pierre-Laurent Aimard e Matthias Pintscher. Así mesmo, ten ofrecido concertos en Francia, Holanda, Reino Unido, Suiza, EEUU e España, actuando no Palau de la Música Catalana, Usher Hall de Edimburgo, Muziekgebouw de Ámsterdam, Fundación Juan March, L'Auditori (xunto á Banda Municipal de Barcelona), Teatro Monumental (xunto á Orquesta da RTVE), o ADDA en Alicante e a Fundación Luis Seoane na Coruña durante o Festival RESIS, entre otros. Participou tamén nos ciclos de concertos organizados por AiE e Juventudes Musicales de España. Co seu dúo de percusión Mbira-duo deu concertos en múltiples festivais de España, entre eles no Festival Internacional de Santander y no Festival Pórtico do Paraíso de Ourense.

Noè Rodrigo inicia os seus estudos musicais en Altea, a súa cidade natal, para más tarde ingresar no Conservatorio Superior de Música de Aragón. Tras graduarse, realizou estudos de máster no Conservatorium van Ámsterdam. Formou parte da European Union Youth Orchestra, Lucerne Festival Academy Orchestra e a Joven Orquesta Nacional de España. Posúe galardóns en varios premios e concursos nacionais e internacionais, obtendo o primeiro premio no Concurso Permanente de Juventudes Musicales 2015 e o premio especial da European Union of Music Competitions for Youth. También foi galardonado na TROMP International Percussion Competition Eindhoven, co premio Willem Vos. Traballa con compañías de teatro musical en España, Holanda e Suiza, e é colaborador habitual do Asko/Schönberg Ensemble, Slagwerk Den Haag, Royal Concertgebouw Orchestra, Nederlands Philharmonisch Orkest, Orquesta Sinfónica de Galicia ou Bilbao Orkestra Sinfonikoa. É un educador apasionado e combina a súa actividad concertística coa realización de clases maxistrais e cursos de perfeccionamiento. En agosto de 2018 formou parte do tribunal da Eurovision Young Musicians Competition 2018, celebrado en Edimburgo. É catedrático interino do Conservatorio Superior de Música de Castilla e León, e profesor asociado do Conservatorio Superior de Música das Illas Baleares.



NACO 2021  
ONDAS

PercusiónFEST



**Mércores, 10 de marzo de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### **Recital de percusión**

Noè Rodrigo Gisbert (percusión)

**Noè Rodrigo Gisbert**

PROGRAMA

**Polo Vallejo** *Tactus* (2005/2006)

**Bruno Mantovani** *Moi, jeu...* (1999)

**Iannis Xenakis** *Psappha* (1975)

**Igor Silva** *Your Trash* (2016)

Xoves, 11 de marzo de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV

## Unha peregrinaxe a través da literatura pianística

Adrián Martínez, Sara Mínguez, Miguel Montes,  
Tania Quintas, Iria Ramos, (piano)

### Sara Mínguez

Estuda composición e piano con C. Cambeiro e P. Rejas no CSMVigo. Realiza un Erasmus no CRM de Bruselas. É galardonada dous anos nos Premios Provinciais á Xuventude (música clásica).



### Miguel Montes

Obtén o título profesional de piano baixo as ensinanzas de Isaac Villanueva. Logro dos Primeiros postos no concurso "Ángel Nogueira".



### Adrián Martínez

Obtén o título profesional de piano baixo as ensinanzas de D. Vasconez, E. Álvarez e R. Biveiniene no Cmus de Vigo. Recibe instrucción de A. Varela, S. Visintainer, A. Zvirblyte, C. SAndu, A. Meinel, C.W. Müller, P. Kuijken e C. Alapinar.




### Iria Ramos

Comeza os estudos de piano con C. M. Rodríguez no CMUS Prof. de Ourense. Estuda piano no CSMVigo e canto no Cmus de Vigo. Participou no Festival de Piano Meeting en Ourense.



### Tania Quintas

Comeza os estudos de piano coa mestra R.Biveiniene no Cmus de Tui. Recibe clases de S. González, B. Cristóbal, G. Grau, A. Varela e L. Zapatero. Actualmente cursa 2º de Piano no CSMVigo e recibe masterclass co mestre italiano M. Moretti.



### PROGRAMA

#### D. Scarlatti (1685-1757) Sonata K. 531

Sara Mínguez (piano)

#### W. A. Mozart (1756-1781) Concierto nº 23 para piano e orquesta

II. Adagio

Tania Quintas (piano) Patricia Rejas (piano II)

#### L. v. Beethoven (1770-1827) Sonata Op. 27 nº 1

Miguel Montes (piano)

#### F. Chopin (1810-1849) Polonesa Op. 26 nº 1

Adrián Martínez (piano)

#### C. Debussy (1862-1918) Arabesco nº 1

Iria Ramos (piano)



NACOS 2021  
ONDAS

DE PIANO



**Martes, 16 de marzo de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

## **Recital de piano**

Javier Vázquez Grela (piano)

### **Javier Vázquez Grela foto 18**

Pianista nado na Coruña en 1971, cidade na que iniciou os seus estudos no Conservatorio Superior de Música cos pianistas Natalia Lamas e Rafael Sebastiá. Posteriormente especializase en acompañamiento vocal con Miguel Zanetti en Madrid.

Completa a súa formación na Academia Luthier de Barcelona co pianista Antonio Ruiz Mellado obtendo ao final de seus estudos e por unanimidade do xurado o Diploma de concertista Cum Laude.

Ten estreado obras de numerosos autores galegos así como de compositores mexicanos e estadounidenses tanto na faceta de solista como na de acompañante, sendo dedicatario dalgunhas delas.

Desde o ano 1998 é pianista acompañante por oposición. Actualmente realiza a súa labor no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña. Así mesmo, ten actuado en numerosas salas de concertos de España, Holanda, México, Inglaterra, Francia, Portugal, Hungría, Rusia, Xapón e Colombia.

### **PROGRAMA**

**J. Haydn** (1732–1809) *Sonata en do menor Hob. XVI/20*

- I. Moderato
- II. Andante con moto
- III. Finale – Allegro

**R. Schumann** (1810–1856) *2 fugas do Op. 72*

**R. Wagner** (1813–1883) *Tristán e Isolda, Morte de amor* (transcripción de F. Liszt)

-pausa-

**B. Bartók** (1881–1945) *15 cancións campesiñas húngaras*

**P. Pereiro** (1957) *Sonata nº 2+*

(+) estrea absoluta



Mércores, 17 de marzo de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV

### Recital de piano

Alba Raña Barreiro (piano)

#### Alba Raña Barreiro

Nace en Vigo en 2001. O seu primeiro contacto co piano prodúcese en xullo de 2014 ao recibir as primeiras leccións de Alina Pociute, profesora fundamental na súa formación musical.

Asiste a cursos de perfeccionamento con Carmen Martínez-Pierret, Josep Colom, Denis Pascal, Alberto Rosado, Marisa Manchado, Emilio Molina, Douglas Finch. En agosto de 2016 foi seleccionada para participar como alumna activa na «Ingenium Academy International Summer School for Music», onde recibiu clases de diversos profesores como Clodna Shanahan, Simon Callaghan, Hiro Takenouchi e Leon McCawley, obtendo na audición final o "Chopin Award for the best interpretation". En novembro de 2018 obtén en Ponteareas o 3er premio absoluto e «Accésit a la mejor interpretación de las obras obligadas» no Concurso Nacional Reveriano Soutullo.

Na actualidade cursa sexto de grao profesional coa profesora Alina Pociute e prepara as probas de acceso a varias Hochschulen alemás. Así mesmo, compaxina os seus estudos de grao superior na especialidade de Pedagogía Musical no Conservatorio Superior de Vigo, estudiando piano coa profesora Isabel Gil, co segundo curso do Grado en Historia da Arte da UNED.

#### PROGRAMA

**J. S. Bach** (1685–1750) *Partita N°. 1 en Si bemol Maior, BWV 825*

- I. Praeludium
- II. Allemande
- III. Corrente
- IV. Sarabande
- V. Menuet
- VI. Gigue

**W. A. Mozart** (1756–1791) *Sonata K 311 en Re Maior*

- I. Allegro con spirito
- II. Andante con espressione
- III. Rondeau, Allegro

**F. Chopin** (1810–1849) *Estudo N°. 5 en Sol bemol Maior (Teclas Negras)*

**M. Ravel** (1875–1937) *Sonatina*

- I. Moderé
- II. Mouvt. de Minué
- III. Animé



**Martes, 23 de marzo de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

## **Unha viaxe a través do Romanticismo**

Lara Quesada, Rosa Ana Cayetano, Óscar Paniagua, Marcos Martínez, Andrés Montenegro, Pablo Rodríguez, Lucas López e Laura Formigo (piano).

O piano está profundamente ligado ao romanticismo, ao que a procura da liberdade dálle un aspecto revolucionario e é neste período cando as viaxes están no seu auxe. Os músicos do século XIX compartiron con outros artistas moitos temas, o simbolismo, o gusto polo diferente e o exótico ou a paixón polo pasado.

Neste repertorio atopamos aos compositores, Schumann, Mendelssohn, Chopin e Liszt e ao compositor post-romántico Rachmaninov.

'Escenas de nenos': son un pico absoluto do piano romántico pola beleza, o carácter e a súa atmosfera (Cortázar). Schumann caracterizou ao Arabeske como unha composición "delicada".

Co Rondo Caprichoso Mendelssohn marca o comezo dun tipo de scherzo virtuoso de amplas proporcións.

Entre as consolacións de Liszt, a número 3 é un dos más interpretados, de carácter meditativo. Sposalizio, inspirado nun cadro de Rafael, da voda da Virxe, pertence ao segundo caderno de Anos de peregrinación, Italia.

A polonesa Op. 22 composta por F. Chopin, aos 20 anos, era orixinalmente unha composición para piano e orquestra, de grande brillantez.

Para rematar o segundo movemento do concerto 2 op 18 de Rachmaninov, que compuxo despois de superar unha depresión, que lle impidiu compoñer. O concerto foi dedicado ao seu doutor, Nikolai Dahl. O Romance op 17 para dous pianos, de gran beleza, e composto ao mesmo tempo que o seu concerto número 2 op 18.

### PROGRAMA

#### **R. Schumann (1810–1856) *Kinderszenen Op. 15***

- I. Von fremden Ländern und Menschen (De países lejanos)
- II. Kuriöse Geschichte (Historias divertidas)
- III. Hasche-Mann (La gallina ciega)
- IV. Bittendes Kind (Niño implorante)
- V. Glückes genug (Bastante feliz)
- VI. Wichtige Begebenheit (Acontecimiento importante)

Lara Quesada (piano)

#### **R. Schumann *Arabesca Op. 18***

Rosa Ana Cayetano (piano)

#### **F. Mendelssohn (1809–1847) *Rondó Caprichoso***

Óscar Paniagua (piano)

#### **F. Liszt (1811–1886)**

*Consolación n° 3 S 17*

*Sposalizio*

Marcos Martínez (piano)

#### **F. Chopin *Gran Polonesa Brillante Op. 22***

Andrés Montenegro (piano)

#### **S. Rachmaninov *Suite para 2 pianos Op. 17***

- III. Romance

Lucas López e Laura Formigo (piano)

Mércores, 24 de marzo de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV

## Recital de piano

Laura Cimarra (piano)

Antonio González Urís (piano)

### Laura Cimarra

Naceu en Valladolid en 1998. Empezou os seus estudos elementais de piano no Conservatorio Profesional de Música de Valladolid no ano 2007. En 2017 remata os estudos con Matrícula de Honra baixo a tutela da profesora Cristina Garrote de quen recibe un grande apoio. Entre 2006 e 2009 estuda no mesmo conservatorio a especialidade de percusión, que acabará abandonando para centrarse no piano.

Ten recibido clases maxistrais de pianistas tan importantes como Milan Miladinovic, Ana Fedorova, Dragan Opacic e Anna Sagalova.

Na actualidade cursa 4º curso de grao superior neste conservatorio coa profesora Isabel Gil Lloréns.

### Antonio González Urís

É natural de A Guarda (Pontevedra), onde comeza os seus estudos musicais no conservatorio local. Realiza o Grao Profesional de piano en Tui baixo a tutela de Rubén López. Na actualidade, está finalizando o Grao Superior de Interpretación con Isabel Gil Lloréns no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Así mesmo, tamén recibe clases de Enrique Goberna e Agustín Candisano. Ten asistido a cursos de perfeccionamento con profesores como Rosa Torres Pardo, Katia Veenmans, Milan Miladinovic e Rafaelle D'aniello.



## PROGRAMA

### Parte I - Laura Cimarra

**L. van Beethoven** (1770-1827)

*Concerto para piano e orquestra nº 2, Op. 19 en Si bemol maior*

- I. Allegro con brio
  - Agustín Candisano (piano II)-

**F. Mompou** (1893-1987) *Paisajes*

- I. La fuente y la campana
- II. El lago
- III. Carros de Galicia

### Parte II - Antonio González Urís

**F. Schubert** (1797-1828) *Sonata en Si bemol Maior, D. 960*

- I. Molto moderato
- II. Andante sostenuto
- III. Scherzo. Allegro vivace con delicatezza
- IV. Allegro ma non troppo



NACOS 2021  
ONDAS

## DE PIANO



Xoves, 25 de marzo de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV

### Concertos de Bach para teclados

María José Cid (piano)

Isabel Gil (piano)

Nicasio Gradaille (piano)

Pablo Rodríguez (piano)

Orquestra de corda

Violíns: Marta Vélez, Clara Macarena Ponce Romero, Catarina Calçada Martins, Laura García Peón, Vania Noemí Collazo Pequeño, Enrique López Antón, Mariana Boedo Buño.

Viola: Javiver Escobar

Violonchelo: Álvaro Quintanilla Marful

Contrabaixo: Juan Carlos Villar del Saz Pardo

Director: Javier Viceiro

Aínda que Bach presuntamente compuxo os sete concertos para claves e cordas para si mesmo, e moi probable que os creara para os seus fillos e estudantes.

Estes traballos non son orixinais, senón simples transcripcións de concertos para instrumentos melódicos da súa época en Cöthen e, en menor medida, en Weimar. Así, o desolador concerto para dous claves BWV 1060 vén dun concerto hoxe perdido para violín e óboe, do concerto para dous claves BWV 1061 existe tamén unha versión para dous teclado sen acompañamento que, probablemente, fora a orixinal. E, finalmente, o concerto para catro claves, BWV 1065, é unha transcripción do concerto para catro violíns en Re menor, Op. 3 (L'Estro Armónico) nº 10 de Antonio Vivaldi.

#### PROGRAMA

**J. S. Bach (1685-1750)**

*Concerto para dous pianos BWV 1060 en Do menor*

- I. Allegro
- II. Largo ovvero Adagio
- III. Allegro

Isabel Gil Lloréns, Nicasio Gradaille (pianos)

*Concerto para dous pianos BWV 1061 en Do Maior*

- I. (sen indicación de tempo)
- II. Adagio ovvero Largo
- III. Fuga. Vivace

Maria José Cid, Pablo Rodríguez (pianos)

*Concerto para cuatro pianos BWV 1065 en La menor*

- I. Allegro.
- II. Largo
- III. Allegro

Pablo Rodríguez, Maria José Cid, Isabel Gil Lloréns, Nicasio Gradaille (pianos)

## **Pablo Rodríguez Fernández**

Estudou piano e música de cámara no Conservatorio Superior de Vigo con Enrique Goberna e Concepción Rodríguez, e na ESMAE de Oporto con Luís Filipe Sá, onde obtivo o Premio Fin de Carrera en 2008. Expandiu estes estudos durante dous anos na Aula de Música da Universidade de Alcalá de Henares con Josep Colom. Completou a súa formación cos pianistas Almudena Cano, Eulalia Solé, Luiz de Moura, Peter Bithell, Boris Berman, etc.. Estudou Enxeñaría Industrial na Universidade de Vigo, institución pola que é Doutor en Estudos Literarios cunha tese sobre o mito de don Juan no Romanticismo. Realiza unha intensa actividade como pianista acompañante en España e Portugal. Na actualidade é pianista acompañante no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

## **María José Cid**

Natural de Zaragoza onde iniciou os seus estudos musicais. Interesada na arte en xeral e as súas diversas tendencias decide estudar jazz e improvisación no Taller de Musics de Barcelona, onde tamén colabora con varios grupos de diferentes estilos musicais, pop, funk, flamenco, etc. En Galicia finaliza as titulacións Superiores de Piano y Música de Cámara. Perfeccionou a súa calidade interpretativa con Ludovica Mosca e Luiz de Moura Castro, asistindo ademais a diversos cursos, con Alicia de Larrocha, Cecilio Tieles, Anna Jabstrebska, Blanca Uribe, Alain Motard, etc. Obtivo o Diploma "Piano Performance" da Guildhall School of London con High Honours. Deu concertos como solista en España, Suiza e Portugal. Impartiu docencia na Universidade, e é doutora pola Universidad de Vigo. Actualmente é catedrática de piano do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

## **Isabel Gil Lloréns**

Estudou piano con Martín Millán, graduándose no Conservatorio Superior de Música de Santiago de Compostela co profesor Ángel González. Perfecciona os seus estudos con Cecilio Tieles, Josep Colom, Peter Bithell, Manuel Carra, Helena Sá e Costa e Andrzej Jasinski (Mozarteum de Salzburgo). É doutora por la Universidade de Vigo. Participou en diversos festivais formando dúo coas sopranos Tatiana Sajarova, Ana Cristina Lopes Ferreira. Formou parte do grupo SPIL (improvisación libre) e colaborou co Taller Atlántico Contemporáneo. Traballou como pianista acompañante na Escola de Altos Estudios Musicais de Santiago de Compostela e na actualidade é profesora de piano no Conservatorio Superior de Música de Vigo e docente no Programa de Maiores da Uvigo.

## **Nicasio Gradaille**

Estudia piano con Natalia Lamas (A Coruña), Martín Millán (Santiago), Cecilio Tieles (Vilaseca) e Peter Efler (Basilea, Suíza). En Basilea obtén o Konzertreifediplom (Diploma de Concerto). Clases de música de cámara con Gerard Wyss, Ivan Monighetti e Jean Goverts. Primeiro premio no Concurso Internacional de Piano "Xavier Montsalvatge" de Girona (1989). Primeiro Premio no Concurso Nacional de Piano "Gregorio Baudot" de Ferrol (1985) e Premio Galicia no mesmo concurso (1991). Desenvolve a súa faceta profesional principalmente no eido da música contemporánea. Membro fundador do Taller Atlántico Contemporáneo, grupo co que tocou no Auditorio Nacional de Madrid e nos festivais de Granada, Cuenca, Santander e San Sebastián. Doutor pola Universidade de Vigo, cunha tese sobre a obra pianística de John Cage, autor de quen ten gravado para a Radio Galega as Sonatas and Interludes para piano preparado. É profesor de piano no CMUS Superior de Vigo.



## DE PIANO



**Venres, 26 de marzo de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### ***Unha ollada á infancia: J. S. Bach e Chick Corea***

Sara Mínguez, Marcos Martínez, Sara Lía Ochogavías,  
Nicasio Gradaille, Laura Formigo e Lucas López (piano)

O pianista de jazz Chick Corea era fillo dun trompetista de big band con que aprendeu a tocar e improvisar neste xénero. Paralelamente, recibiu formación de música clásica, anque acabou abandonando ese estilo. Pero ten gravados dous concertos para piano de Mozart e distintas pezas de compositores como Scarlatti, Chopin, Bartok ou Scriabin. Durante toda a súa carreira Chick Corea fixo asiduamente colaboracións con importantes músicos de estilos diferentes: Miles Davies ou Herbie Hancock (Jazz), Paco de Lucía (flamenco) ou Friederich Goulda (clásica). Na clase de Repertorio dos Séculos XX e XXI quixemos imaxinarnos unha colaboración deste pianista con J. S. Bach e decidimos xuntar músicas de ambos autores nun eido no que ambos fixeron aportacións importantes: a infancia. Ambos escribiron pezas para ser tocadas por xoves estudiantes ou pezas que recrean o mundo da nenez. Así, incluímos neste concerto os 12 pequenos preludios de Bach e Children's Songs de Chick Corea. Cada unha das pezas de ambos autores ten un carácter individual e un tratamento do instrumento diferente, pero todas son representativas das linguaes respectivas de ambos os dous compositores.

#### PROGRAMA

**Johann Sebastian Bach** (1685–1750) *12 pequenos preludios*

**Chick Corea** (1941–2021) *Children's Songs*

NACOS 2021  
ONDAS





Xoves, 8 de abril de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV



## Dúo Peris - Ortiz

Mario Peris (violín)  
Severino Ortiz (piano)

### Mario Peris Salom

Naceu en Tavernes de la Valldigna (Valencia). Rematou os seus estudos de violín con Juan Llinares e ampliou a súa formación na Universidade de Madison – Wisconsin (Estados Unidos) con Vartan Manoogian. Dende o 2000 ata o 2011 é primeiro violín do cuarteto Ephimere e desde o 2005 é concertino da Orquestra Vigo 430. Foi solista nos concertos de Bach, Vivaldi, Mozart nº. 1 e Mendelssohn. Actualmente ten un dúo co pianista Severino Ortiz co que ofreceu recitais en Vilna, Belgrado, Lecce, Verona, Vigo, etc., e participa en conxuntos de música contemporánea como Vertixe Sonora. É profesor de violín no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

### Severino Ortiz Rey

Nado en Pontevedra, rematou os seus estudos de piano coas profesoras Vladimira Smausova e So-Young Moon no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Completou a súa formación en Praga (Rep. Checa) na Academia de Música e Artes Escénicas (HAMU) cos profesores Dagmar Simonkova e Frantisek Maly (1998-2000). Colabora habitualmente co tenor José Antonio Campo e as orquestras Clásica e 430 de Vigo. Nos últimos anos ten ofrecido diversos recitais co violinista Mario Peris a través de proxectos Erasmus. Na actualidade é pianista acompañante no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

O programa inclúe dúas obras importantes da literatura de cámara para violín e piano: unha moi coñecida, a Sonata de César Franck, e a outra non tanto, a de Francis Poulenc. Con dúas linguaxes moi diferentes os autores aproxímanse á escritura para os instrumentos desde o punto de vista de finais do s. XIX e metade do s. XX, explotando recursos como o cantabile fronte ao percusivo, a expresividade fronte á agresividade, os momentos dramáticos e os contemplativos, etc. A variedade dos elementos rítmicos, dinámicos e tímbricos empregados conforman dous universos moi diferentes e atractivos para o público. O programa complétase con dous arreglos para violín e piano de pezas de Claude Debussy, onde as sonoridades suxiren unha ensoñación e completan a visión do ambiente camerístico francés.

### PROGRAMA

#### 1ª PARTE

**César Franck** (1822-1890) *Sonata para piano y violín en la mayor* (1886)

- I. Allegretto ben Moderato
- II. Allegro
- III. Recitativo-Fantasia. Ben Moderato-Molto lento e mesto
- IV. Allegretto poco mosso

#### 2ª PARTE

**Francis Poulenc** (1899-1963) *Sonata para violín y piano, FP 119*  
(1942-43, revisada en 1949) "á memoria de García Lorca"

- I. Allegro con fuoco
- II. Intermezzo
- III. Presto trágico

**Claude Debussy** (1862-1918) *La fille aux cheveux de lin* (arr. Heifetz)

**Claude Debussy** Beau soir

**Martes, 13 de abril de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

## Dúo Nedobora – Rejas

Grigory Nedobora (violín)

Patricia Rejas (piano)

### Grigory Nedobora

Con 14 anos fixo o seu debut como solista interpretando o Concerto de Sibelius coa Orquestra Filarmónica de Kharkiv. Con 16 continuou os seus estudos no Conservatorio de Moscú con M. Glezarova e, posteriormente, no Instituto Gnesin de Moscú con V. Spivakov (violín) e V. Berlinsky (cuarteto). Foi concertino da orquestra do Instituto Gnesin, antes de convertirse no membro máis novo da orquestra "Virtuosos de Moscú". Desenvolveu unha extensa actividade solística, interpretando concertos de Bach, Bruch, Brahms, Sibelius, Dvorak, Berg, Schnittke e Quiroga baixo a batuta de directores H. Rilling, A. Ros Marbá, M. Zumalave, C. Konig ou O. Janko. Dende 1996 é principal de segundos violíns da Real Filharmonía de Galicia e profesor na EAEM en Santiago de Compostela.



### Patricia Rejas

Comenza os seus estudos musicais aos cinco anos no CPM de León. Continúa os seus estudos superiores no CSM de Oviedo con M<sup>a</sup> T. Pérez e na Escola Superior de Música J. Guridi de Vitoria con A. Nieto onde obtén os Títulos Superiores de Piano e de Música de Cámara. Interesada na interpretación histórica, ingresa no CNR de Paris para perfeccionarse no estudio do fortepiano baixo a dirección de Patrick Cohen. Participou en festivales e recitais en toda Europa. Na actualidade é catedrática no CSM de Vigo e é doutora pola Universidade de Vigo.

### PROGRAMA

#### J.S. Bach (1685-1750) Sonata BWV 1017

- I. Siciliano. Largo
- II. Allegro
- III. Adagio
- IV. Allegro

#### J.S. Bach Sonata BWV 1016

- I. Adagio
- II. Allegro
- III. Adagio ma non tanto
- IV. Allegro

#### J.S. Bach Sonata BWV 1014

- I. Adagio
- II. Allegro
- III. Andante
- IV. Allegro



NACOS 2021  
ONDAS

EXPLURART

Xoves, 15 de abril de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV



## Kunstlieder - Chansons und Volkslieder

Beatriz Arenas (soprano)

Felix Justen (guitarra)

### Beatriz Arenas Lago

Graduada na Escuela Superior de Canto de Madrid como Soprano, finalizou os seus estudos no KASK Conservatorium van Gent e anteriormente realizou os seus estudos de canto no Conservatorio Profesional de Música de Vigo. Beatriz traballou con personalidades como José Antonio Campo, Eduardo López Banzo, Pieter-Jan Belder, Andrea de Carlo, Xenia Meijer, Olga Pashchenko, Teunis van der Zwart ou Viola de Hoog. As súas principais actuacións inclúen cidades como Roma, Utrecht, Madrid e Seul.

En 2018, interpretou o rol de "Editta" do oratorio "Santa Editta: Vergine e monaca, regina d'Inghilterra" de Alessandro Stradella no Oratorio do Gonfalone (premiere en Roma desde 1600). Durante o 2019-2020, interpretou o rol de "Celia" da ópera "Amare e Fingere" de Alessandro Stradella dirixida polo director Andrea de Carlo no "Festival Barocco Alessandro Stradella di Viterbo e Nepi di Caprarola", no "Festival Grandezze e Meraviglie", a "Società dei concerti Barattelli", no "Teatro Torlonia di Roma" (premiere en Roma desde 1600), no "Castelo Rocca di Vignola" e no "Oratorio do Gonfalone" de Roma. Destacan as súas actuacións no "Utrecht Early Music Festival", no "Festival de música Antigua de Granada 2020" e no "XVIII Ciclo de músicas históricas de León", así como unha serie de concertos co grupo Caspervek interpretando "O Fantasma da Ópera". Tamén débese sinalar numerosas interpretacións en teatros de Corea do Sur como o "Teatro de Ansan", "Kimpo" ou o "Seoul Arts Center" e teatros e auditórios españoles como o "Teatro de la Zarzuela", o "Auditorio Nacional de Madrid", o "Auditorio de Zaragoza" ou o "Teatro Monumental de Madrid".

### Felix Justen

Estudou guitarra clásica no Dr. Hoch's Conservatory College of Music and Performing Arts en Frankfurt. Como estudos adicionais visitou o Rhythmicon Education Institute co Profesor Amelie Hoellering en Munich.

En 1985 fundou o "Duo for voice and Guitar" coa soprano Elizabeth Parcells. O dúo actuou internacionalmente en Hamburgo, Frankfurt, Basilea, Roma, París, no Gravendaal Chambermusic Festival (Suecia), no The Rheingau Music Festival, no Carnegie Hall – New York, un concerto en directo no Boston National Radio. Produciron un CD para a discográfica Koch-Schwann, un CD con canción de Nadal de J.S.Bach, B. Britten, entre outros, para a discográfica Canton, cos arranxos realizados por Felix Justen.

O dúo investigou en novos repertorios e realizou presentacións e gravacións inéditas. Producio outro CD con música contemporánea de Lennox Berkeley, Thea Musgrave, Daniel Pinkham e David Leisner, o cal non foi publicado debido a la trágica morte da parcelas de Elizabeth Parcells en 2005.

Porteriormente realizou composicións para a cantante de soul alemana/persa Kaye Ree e produciu dous CD con Kaye Ree "Endless Melody" y "New Air" en iTunes e Amazon. Publicou un libro de canciones para Musikverlag Trekel en Hamburgo en 2018, que inclúe todas as canciones do CD "New Air", escrito por Felix Justen. As xiras de concertos con Kaye Ree incluíron Frankfurt, Hamburgo, Londres, París, Milán, Atlanta e Nova York.

Outros intereses de Felix Justen son a pintura, principalmente en graffiti a óleo, con exhibicións en Bremen / Linz e Kloster Gnadenenthal. Representado para Europa en Kunstkopie.de.



PROGRAMA

1<sup>a</sup> PARTE

**Mauro Giuliani** (1781–1829) *Ariette*

Ombre amene amiche piante  
Quando sarà quel dì  
Fra tutte le pene

**Mauro Giuliani** (1781–1829) *Di tanti palpiti*

from Rossini's *Tancredi* varied by Giuliani Op. 79

**Louis Sphor** (1784 –1859)

Frühlingsglaube  
Schifferlied der Wasserfee  
Beruhigung

**Ludwig van Beethoven** (1770–1827) *Adelaide*

2<sup>a</sup> PARTE

**Lennox Berkeley** (1903–1989) *Songs of the Half-light* Op.65

Rachel  
Full Moon  
The Moth

**Jacques Bondon** (1927–2008) *Complaintes*

LesBeaux Étés s'en sont allés  
Toi l'Oiseau

**Joaquín Rodrigo** (1901–1999)

En Jeréz de la Frontera  
Adela

**Mátyás György Seiber** (1905–1960) *Four French Folk Songs*

Réveillez-vous  
J'ai descendu  
Le Rossignol  
Marguerite, elle est malade



**Venres, 16 de abril de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### **Bolboreta**

Ensamble Verxel

Emma Alonso Ramonet (violín)  
Laura Díaz-Garzón Dopico (viola)  
Sabela Vázquez Ramos (Cello)  
Estefanía Fernández Agulla (Flauta)  
Melissa David Álvarez (clarinete)  
Tania Justo Román (Piano)  
Gabriel Vázquez Fernández (bailarín)  
Patricia Villalón Gómez (bailarina)

Verxel nace en 2017 a raíz do seu primeiro proxecto, MORRIÑA, que se estreou no Festival Nas Ondas (2018), quedando finalistas no concurso Vigo en Vivo (Vigo, 2018) e semifinalistas no Festival Piano Meeting (Ourense, 2018).

Esta agrupación está formada por 2 bailaríns e coreógrafos e 6 músicos (violín, viola, violoncello, piano, flauta e clarinete), un conxunto galego e de maioría feminina que realiza unha performance na que trata de achegar a arte contemporánea a todo tipo de público, empregando a mestura de disciplinas artísticas como a danza, a música e o teatro.

Agora presenta o súa nova performance BOLBORETA, na que se establece un paralelismo entre a transformación dun ovo de verme nunha bolboreta coa conversión dunha relación nun inferno, pasando polas diferentes fases da metamorfose. Unha denuncia do maltrato, o machismo e o patriarcado levada a todos os públicos a través dunha historia que sucede de maneira cotiá e explicada a través dun proceso sinxelo, visible e clarividente como é a vida dunha bolboreta de seda.

#### PROGRAMA


**Olga García Álvarez Ovo**

**Alejandro Galansky Máscara**

**Gloria Rodríguez Gil Ör**

**Manuel María Veiga Lombardía Bolboreta**

**Manuel Carballo Pastoriza El guardián del arco iris**



Luns, 19 de abril de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV

## Xosé Miguélez coa Big Band do CSMVigo

Xosé Miguélez (saxofón)

Big Band do CSMV

Alejandro Troya (director)

### Xosé Miguélez

Miguélez está considerado un dos saxofonistas de jazz más destacados da puxante nova xeración de músicos galegos. Gravou en Estados Unidos o seu proxecto como líder baixo o título de "Shelter", que foi editado no outono de 2018. Acadou un mestrado en jazz performance na "Guildhall school of music" de Londres e Licencióuse en jazz pola "Esmae" de Porto. Complementou a súa formación estudiando con Jean-Michel Pilc, Matt Otto e Jean Toussaint. É artista das marcas "Paul Mauriat - Paris" e "Jody-jazz Usa".

### Big Band do CSMVigo

Clarinete: Celso Sampedro

Saxofóns: Miguel Bargiela, Gemma Mestres, Francisco José Roque, Noelia, Fraga, Iván Suárez, Alicia Caride.

Trompetas: Edi Miguel Silva, Emma María Renes, Desiré Gómez, Óscar Rial.

Trombóns: Pablo Martínez, Ramón Tilve.

Tuba: Andrés Castro.

Percusión: Andrea Agra, Pablo Soto. Piano: Lucas López. Guitarra: Beatriz Pereira.

Contrabaixo: Rocío Buyo.

Director: Alejandro Troya.

### PROGRAMA

#### Thad Jones Us

**Henry Mancini** Baby Elephant walk

**Glenn Osgerby** Bluesette

**Charles Mingus** Moanin'

**Oliver Nelson** Stolen Moments

**Duke Ellington** Caravan

**Nat McIntosh** Brooklyn



## SAXORNADAS



**Martes, 20 de abril de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### Dúo Troya – Rodríguez

Alejandro Troya (saxofón)

Pablo Rodríguez (piano)

#### Alejandro Troya

Nace en Benissanó (Valencia), e na banda dese mesmo concello comeza os seus estudos musicais pasando, posteriormente, ao conservatorio de Llíria, onde remata os estudos de Grao Profesional obtendo o Premio Fin de Grao. Continúa no conservatorio Joaquín Rodrigo de Valencia, onde remata os seus estudos superiores e gaña o Premio Fin de Carrera na especialidade de saxofón. Participa en diferentes concursos entre os que cabe destacar o primeiro premio no Concurso Internacional da Universidade Europea do Saxofón. Realiza cursos de perfeccionamento con Claude Delangle, Serge Bichon e Daniel Kientzy.

Colabora con numerosas bandas e orquestras realizando gravacións para RTTV e RTVE e actuando coa orquestra do Palau de les Arts Reina Sofía.

Sente gran curiosidade pola música moderna e empeza a estudar harmonía moderna e improvisación con Dani Flors, Joan Soler e Kiko Berenguer. Realiza cursos de perfeccionamento cos profesores M.P. Mossmann, Jesús Santandreu e Perico Sambeat. É membro de diferentes grupos de jazz e rock realizando xiras por Francia, Alemaña e Italia.

Realiza cursos de dirección de banda con mestres do talle de Jan Cober e Norman Milanés.

Na actualidade é profesor de saxofón no Conservatorio Superior de Música de Vigo e director de Lucas Ensemble.

#### Pablo Rodríguez

Estudou piano e música de cámara no Conservatorio Superior de Vigo con Enrique Goberna e Concepción Rodríguez, e na ESMAE de Porto con Luís Filipe Sá, onde obtivo o Premio Fin de Carrera en 2008. Expandiu estes estudos durante dous anos na Aula de Música da Universidade de Alcalá de Henares con Josep Colom. Completou a súa formación cos pianistas Almudena Cano, Eulalia Solé, Luiz de Moura e Peter Bithell. Estudou Enxeñaría Industrial na Universidade de Vigo, institución na que se doutorou en Estudios Literarios cunha tese sobre o mito de don Juan.

Realiza unha intensa actividade como pianista acompañante en España e Portugal. É pianista acompañante no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

#### PROGRAMA

**Maurice Ravel** (1875–1937) *Le tombeau de Couperin* (1917)

**Lars Erik Larsson** (1908–1986) *Concerto* (1934)

I.

II.

III.

**Fernande Decruck** (1896–1954) *Sonata en Do#* (1943)

I.

II.

III.

IV.

**Edison Denisov** (1929–1996) *Sonata* (1970)

I.

II.

III.



**Mércores, 21 de abril de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### **Ensemble de saxofóns do CSMV**

Saxofóns sopranos: Andrea González, Genmma Mestres.

Saxofóns altos: Noelia Fraga, Miguel Bargiela, Tamara Vázquez.

Saxofóns tenores: Alicia Caride, Iván Suárez.

Saxofóns barítonos: Francisco José Roque, Rafael Yebra.

#### PROGRAMA

**J. S. Bach** (1685–1750) *Tocata e Fuga en Rem* BWB 565

**O. Respighi** (1879–1936) *Antiche danze et arie per liuto suite n° 3* (1932)

- I. Italiana
- II. Arie di corte
- III. Siciliana
- IV. Passacaglia

**A. Dvorák** (1841–1904) *Danzas eslavas* Op. 46 (1878)

**P. Iturralde** (1929–2020) *Suite Helénica* (1980)

**P. Iturralde** *Pequeña Czarda* (1949)



EXPLURART



**Xoves, 22 de abril de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

## ***Tangos e músicas do mundo. Concerto de guitarra e ronroco***

Mariano Gil (guitarra e ronroco)

Desenvolvendo unha estética sonora persoal sobre a guitarra e o ronroco, a través da utilización de distintas afinacións e exploracións tímbricas, Mariano Gil transita polos ritmos latinoamericanos, o tango, estéticas orientais, e composicións propias que escapan ás etiquetas tradicionais. Preséntase coa guitarra clásica española e o ronroco, instrumento de cordas de orixe boliviana similar ao charango.

Comezou os seus estudos musicais en Pinamar (Arxentina), a súa cidade natal, e logo emigrou a Buenos Aires para continuar coa súa formación. Ingresou no Conservatorio Superior de la Ciudad de Buenos Aires "Astor Piazzolla", onde finalizou os seus Estudios Superiores de Guitarra. Alí estudou cos Mestres Vicente Elías e Javier Bravo. Formouse no xénero Tango cos mestres Aníbal Arias e Pino Enriquez, e realizou a carreira de arreglador na Academia Nacional del Tango de Buenos Aires.

Editou o seu primeiro álbum solista titulado "Travesía" en 2016, presentando composicións propias e a obra "Koyunbaba" de Carlo Domeniconi. Ademais da súa labor como solista, colabora con outros músicos en proxectos de tango, world music, e músicas tradicionais de Chipre e Grecia.



**Venres, 23 de abril de 2021, 18:30 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

***Relatorio: As sonatas para viola da gamba e clave de J. S. Bach***

Alejandro Casal

Nesta conferencia, previa ao concerto das Sonatas para viola da gamba e cravo de J.S.Bach, Alejandro Casal fará unha aproximación á análise destas obras dende a perspectiva do intérprete co obxectivo de facilitar ao oínte unha escoita máis consciente e informada das tres sonatas que o cantor de Köthen adicou á viola e ó clave.

Alejandro Casal estudou Piano, Contrabaixo, Composición, Clave e Musicoloxía. Mais tarde ampliou estudos de Clave e Baixo Continuo xunto a Tony Millán, Jan Willem Jansen e Jacques Ogg, interesándose tamén polo órgano. Como docente, ensinou nas Universidades de Cádiz e Sevilla e no Conservatorio "Padre Antonio Soler" de El Escorial. É profesor de clave da JOBA (Joven Orquesta Barroca de Andalucía) e, dende 2016, no Curso de Musica Antiga en Agolada. Dende 2005 é profesor de Cravo e Baixo Continuo no Conservatorio Superior de Música de Sevilla ao tempo que desenvolve unha intensa actividade concertística.



## SEMANA DA MÚSICA ANTIGA

**Venres, 23 de abril de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### **Sonatas para viola da gamba e clave de J. S. Bach**

Sara Ruiz, viola da gamba

Alejandro Casal, clave

#### **Sara Ruiz**

Estuda viola da gamba con I. Atutxa, V. Rico, L. Duftchmid e V. Ghielmi. Colabora con Amsterdam Baroque Orquestra, al Ayre Español, Armonico Tributo Austria, La Cetra Baroque Orquestra, Orquesta Barroca de Sevilla. Foi premiada no concurso Bach-Abel de Köthen. O seu primeiro CD como solista adicouse a Marin Marais. Actualmente prepara as gravacions das suites de Couperin e as 12 Fantasías de Telemann. O seu ensemble La Bellement é nomeado mellor grupo barroco 2019 nos premios GEMA. É integrante de Violanet, consorcio europeo da viola. Dirixe o Consort de Violas da Gamba de la Universidad de Salamanca.



#### **Alejandro Casal**

Estuda clave con T. Millán, J. W. Jansen y J. Ogg interesándose tamén polo órgano. Colabora con The King's Consort, Capella della Pietà dei Turchini, Orquesta Barroca de la Universidad de Salamanca, Orquesta Barroca de Sevilla. Realizou o seu debut discográfico con Froberger. Gravou a primeira integral das Recercatas, fugas y sonatas de Sebastián de Albero. Recientemente publicou a Obra para tecla de Johann Krieger e a primeira gravación dos conciertos para órgano de Joseph Barrera, así como a Sonata de Pere Rabassa. Ensina clave e baixo continuo no conservatorio Superior de Música de Sevilla.



#### **PROGRAMA**

**J. S. Bach (1685-1750)**

*Sonatas para viola da gamba e cravo obligatto*

*Sonata en Sol maior BWV 1027*

Adagio – Allegro ma non tanto – Andante – Allegro moderato

*Sonata en Sol menor BWV 1029*

Vivace – Adagio – Allegro

*Sonata en Re maior BWV 1028*

Adagio – Allegro – Andante – Allegro



**Martes, 27 de abril de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

## Dúo Valverde & Ortiz

Esteban Valverde (clarinete)

Severino Ortiz (piano)

### Esteban Valverde

Iniciou os seus estudos de clarinete con Francisco Pérez Rodríguez no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde rematou coa Primeira Mención Honorífica. Perfeccionou os seus estudos de clarinete cos profesores Danny Granados, Antonio Saiote e Alois Brandhofer en Nova Iorque, Porto e Salzburgo respectivamente.

Tomou cursos de perfeccionamento cos profesores: Joan E. Lluna, M. Espejo, José L. Estellés, W. Boeykens, L. Passin, M. Zukovsky, Yehuda Gilad, Guy Deplus, R. Stoltzman e Wolfgang Meyer.

Desde 1992 é profesor de clarinete en diferentes centros da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Ensinou nos Conservatorios Profesionais de Pontevedra, Ourense e Vigo, en cuxo centro foi director desde o ano 2003 ata o 2015. Foi asesor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria desde o ano 2008 ata o 2011.

Desde o 2015 é profesor de clarinete e director no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Foi membro da Xoven Orquestra de Galicia dende o ano 1987 ata 1991. Foi convidado coa Orquestra Municipal da Coruña, Orquestra Cidade de Málaga e Orquestra Cidade de Barcelona e Nacional de Cataluña. Foi membro fundador e clarinete da Orquesta Sinfonietta de Vigo.

É Doutor en Didácticas Especiais pola Universidade de Vigo e Profesor "Honoris causa" pola Academia Nacional de Música de Ucraína.

Esteban Valverde toca con clarinetes Selmer "Privilege".

### Severino Ortiz

Nado en Pontevedra, rematou os seus estudos de piano coas profesoras Vladimira Smausova e So-Young Moon no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Completou a súa formación en Praga (Rep. Checa) na Academia de Música e Artes Escénicas (HAMU) cos profesores Dagmar Simonkova e Frantisek Maly (1998-2000). Colabora habitualmente co tenor José Antonio Campo e as orquestras Clásica e 430 de Vigo. Nos últimos anos ten ofrecido diversos recitais co violinista Mario Peris a través de proxectos Erasmus. Na actualidade é pianista acompañante no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

### PROGRAMA

#### Francis Poulenc (1899-1963) *Sonata para clarinete e piano*

- I. Allegro tristamente
- II. Romanza
- III. Allegro con fuoco

#### Salvador Brotóns (1959) *Sonata para clarinete e piano*

- I. Moderato
- II. Recitativo
- III. Allegro rítmico

#### Albert Guinovart (1962) *Fantasía sobre "Goyescas" para clarinete e piano*

#### Michelle Mangani (1966) *Sonata N° 2 para clarinete e piano*

- I. Allegro moderato- Memory
- II. Andante cantábil- Song without words
- III. Allegro- Dance



## EXPLURART



Mércores, 28 de abril de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV

### ***De naufragiis***

Manuel Morales, Carlota González e Belén Aragunde (frautas)

Rafael Yebra (saxofón)

Adolfo Caride (trompeta)

Mario Peris (violín)

#### **Aria Fernando Bvide**

O título alude directamente a palabra "aire" en italiano; parte da obra explora as relacións entre o son natural da frauta e aquel más próximo ao aire, no que as cualidades tímbricas habituais da frauta difumínanse. Por outro lado fai referencia a toda a tradición de obras vocales vencelladas á búsqueda de melodías que exploren a beleza da voz humana.

Está escrito nunha serie de breves seccións entre as cales o intérprete execute libremente pausas de duración non establecida. A obra mostra unha sorte de estructura circular, cun marcado clímax central. O inicio e o final xogan coa idea da transición casi imperceptible entre o silencio o aire e o son definido.

#### ***O pulcre facies* Fernando Bvide**

O título está tomado dunha antífona da compositora medieval Hildegard von Bingen. A súa producción musical, foi obxecto de estudo pola compositora P. Escot que intentou revelar toda beleza da proporción matemática que sustenta a obra da visionaria Hildegard. A obra inspirase nas fontes musicais de Hildegard reinterpretada por Escot e articula unha sucesión de segmentos contrastantes baseados no mesmo material interválico. Cada segmento aborda diferentes parámetros musicais dende perspectivas diferentes, establecendo correlacións coas dimensións dos restantes grupos que configuran a obra. O intérprete decide a orde destes fragmentos.

#### **Diacronías I Juan Eiras**

Para saxofón barítono abre o ciclo de obras a solo que conforman a devandita colección. O vocábulo, que significa «a través do tempo», alude ao estudo previo que un compositor realiza cando se achega a un instrumento.

Nestas obras comparto as reflexións de L. Berio das súas Sequenzas: «son obras escritas para o único tipo de virtuoso que é aceptable hoxe en día: sensible, intelixente e co máis alto niveis virtuosismo técnico e intelectual».

#### ***De naufragiis* Jesús González**

É un ciclo de catro pezas independentes formando a obra espacializada De naufragiis.

Señales-Trumpet está inspirada nos distintos sinais musicais que antigamente realizaban os trompetistas durante as travesías dos barcos, e axudaron á organización diaria neles. Tiñan sinais para os cambios de garda, saúdo a outros barcos, chamadas a reunións ou un longo etc, así como a tan temida chamada aos botes salvavidas ante un posible naufraxio.

Na obra acontece un tráxico naufraxio, dando paso á obra Elegy, que é a elixía tocada por un violín, para os afogados de devandito naufraxio.

Séguelle a obra Plegaria de los ahogados, sendo un triste canto desde o fondo do mar, entonado polos mariñeiros afogados de Señales-Trumpet.

E para pechar este ciclo, xurdiu a etérea peza para tres flautas Desde el Cielo, sendo unha contestación celestial á Plegaria de los ahogados.

## PROGRAMA

**Fernando Bvide (1980) Aria (2012) para frauta**

**Fernando Bvide** *O pulcre facies* (2009) para violín

**Juan Eiras** (1977) *Diacronias I* (2015) para saxofón barítono

**Jesús González** (1965) *De naufragiis*


*Señales-Trumpet* (2010) para trompeta

*Elegy* (2015) para violín

*Plegaria de los ahogados* (2017) para saxofón barítono

*Desde el Cielo* (2020) para tres frautas\*

(\*) estrea absoluta



Xoves, 29 de abril de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV



## Quintetos de ventos con piano

Ricardo Pazo (óboe)  
Roberto Noche (clarinete)  
Óscar Araújo (fagot)  
Ainara González (trompa)  
Patricia Rejas (piano)

O 30 de marzo de 1784, Mozart, en Viena, fixo unha entrada escrita no seu novo catálogo temático para rexistrar a finalización dun nuevo Quinteto con piano, que figura hoxe na listaxe de Koechel como o KV452. Dúas semanas despois, refírese a esta mesma peza nunha carta do 10 de abril enviada ao seu pai en Salzburgo:

"Compuxen dous grandes concertos e logo compuxen un quinteto, que levou o maior aplauso. Considero que o quinteto (con piano) é a mellor obra que teño feito. Está escrito para óboe, clarinete, trompa, fagot e pianoforte. Oxalá a puideras ter escoitado por ti mesmo. ¡Qué fermosa foi a interpretación!".

Curiosamente, este Quinteto de ventos con piano non foi publicado en vida por Mozart. De feito, foi publicado pola editorial Artaria de Viena en 1794, pero nunha versión para piano, violín, viola e violonchelo.

Normalmente, o Quinteto para ventos con piano Op. 16 de Beethoven e o KV 452 preséntase xuntos en concerto. A miúdo a obra de Beethoven percíbese como un "esforzo xuvenil" (tiña 26 anos no momento da súa composición en 1796). Pola contra, o KV 452 de Mozart adoita etiquetarse como "produto compositivo de madurez". Un exame das dúas obras invítanos a equilibrar unha posible avaliación inicial superficial que permite recoñecer os vínculos entre ámbalas dúas obras.

Algúns eruditos suxeriron que Beethoven non coñecía o Quinteto Mozart xa que aínda estaba inédito cando traballaba nel. Hai certos indicios que dificultan sostener desta afirmación. Por exemplo, a partitura autógrafa de Mozart estaba entón en mans do amigo de Beethoven, Nikolaus Zmeskall, e por iso é bastante lóxico supor que o compositor tivo a oportunidade de familiarizarse co KV 452. Ademais, un oboísta como Friedrich Ramm, que foi un gran amigo de Mozart ademáis de ser o dedicatario do seu cuarteto KV 470, foi tamén o que estreou o Op. 16 xunto con Beethoven. O deseño tonal de ambas obras proponnos Mi bemol maior para os movementos inicial / final e Si bemol maior para os movementos intermedios. A estrutura formal de ambos os primeiros movementos está baseada en introducións lentas que levan a unha forma sonata. Os movementos finais están desenvolvidos no esquema do Rondó-sonata.

Sublinhando a estreita relación entre as dúas composicións atopamos algunas alusións de carácter temático. Así, a apertura do Allegro, ma non troppo do Op. 16 evoca a frase cantada pola Condesa cara ao final de As vodas de Fígaro, mentres ela perdoa ao Conde a súa infidelidade; o Andante cantabile evoca a personalidade de Zerlina no Don Giovanni, personificado na súa aria "Batti, batti, o bel Masetto" e o tema do Rondó final é unha cita case exacta do final do Concerto para piano nº 22 de Mozart en Mi bemol maior, KV 482, que data de 1785, evocando nos dous casos unha auténtica cacería.

Cunha lóxica esencialmente mercantil, Beethoven tamén publica o Quinteto nun arranxo para cuarteto de piano e corda.

### PROGRAMA

**Wolfgang Amadeus Mozart** (1756-1791) *Quinteto de ventos con piano en Mi b M KV 452*

- I. Largo. Allegro moderato
- II. Larghetto
- III. Allegretto

**Ludwig van Beethoven** (1770-1827) *Quinteto de ventos con piano en Mi b M Op. 16*

- I. Grave. Allegro, ma non troppo
- II. Andante cantabile
- III. Rondò - Allegro, ma non troppo



NACOS 2021  
ONDAS

PercusiónFEST

EVENTO REPROGRAMADO

**Venres, 30 de abril de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV



## **Concerto compartido de grupos de percusión**

Percucar (Cmus Profesional de Carballiño), CSMVigo,  
Attacca (Cmus Profesional de A Coruña) Maratieca (Portugal).

O departamento de percusión do CSMVigo pecha o II "PercusiónFest" cun concerto compartido ao que se convidou a participar a diferentes grupos de percusión de Galicia, España e Portugal.  
Para rematar o concerto actuarán como convidados especiais o grupo portugués "Maratieca".

PercuCar é unha agrupación do Conservatorio Profesional de Música do Carballiño, dirixida polo profesor Pablo Paz. Os integrantes son N. Mosquera, P. Fernández, A. Nogueira, R. Brull, O. Fumega, C. Carid.

O alumnado do CSM de Vigo dos profesores Carlos Castro e Jorge C. Pérez participará de forma camerística. Estarán presentes dúas agrupacións: o trío formado por F. Augusto, D. Rivera e D. Piñeiro; e o cuarteto que componen G. Alberto, A. Agra, P. Soto e D. Gómez.

O grupo de percusión ATTACCA do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña, dirixido polo profesor José M. Castro, está integrado por I. Cazón, A. Tinaquera, S. Blanco, A. Fachal e U. Cano.

O grupo de percusión MARATIECA de Portugal está integrado por V. Fazemdeiro, J. Semedo e F. Machado.

### PROGRAMA

**G. Holst Mercurio (arr. Prendergast)**

Cuarteto do CSM de Vigo

**Thierry de Mey Musique de Tables**

Trío do CSM de Vigo.

**Paul Smadbeck Rhytthm song**

**Paquito D'Rivera Cucho**

Attacca do Cmus Prof. A Coruña

**Pierre Jodłowski 24 Loops**

**Tradicional Batucada**

PercuCar do Cmus Prof. Carballiño

**Santos Sound of an annoyed person**

**C. Corea Spain**

Maratieca



**Martes, 4 de maio de 2021, 18:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### **Orquestra de corda do CSMVigo**

Juan Carlos Díaz (director)

Violíns: Enrique López, Álvaro Pérez, Jacobo Veiga, Sofía Vilanova, Vania Noemí Collazo, Laura García, Iris Landeiro, Catarina Martins, Lía Vilas, Paula Gómez, Navia Núñez, Pablo Padín, Julia Rodríguez, Aldara Otero.

Violas: Clara M. Ponce, Laura García-Garzón, Shyngys Belgibayev, Ana Martínez (viola).

Violonchelos: Laura Alons, Pedro Fernández, Mario Val, Sara Pérez, Carlos Ares.

Contrabaixo: Juan Carlos Villar (profesor).

Clave: Lucas López

Pavel Amilcar (profesor colaborador)

Belén Carril (fagot)

#### PROGRAMA

##### **Peter Warlock (1894–1930) Capriol Suite**

- I. Basse-Danse
- II. Pavane
- III. Tordion
- IV. Bransles
- V. Pieds-en-l'air
- VI. Mattachins (Sword Dance)

##### **Antonio Vivaldi (1678–1741) Concerto en Mi m RV 484 para fagot**

- I. Allegro poco
- II. Andante
- III. Allegro

##### **Wolfgang A. Mozart (1756–1791) Divertimento para cordas en Re M KV 136**

- I. Allegro
- II. Andante
- III. Presto

##### **Juan Durán (1960) Dona nobis pacem**



**Martes, 4 de maio de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### ***Ensamble de metais do CSMVigo***

Juan Carlos Díaz (director)

Trompas: Ainara González, Gonzalo Méndez, Miguel Froján, Joel Coelho, David Fernández.

Trompetas: Raquel Rodríguez, José M. Pérez, Carlos López, Eduardo M. De Melo, Pablo González, Raúl Cima, Alfredo Urrabieta, Lucas Rey, Borja Pedreira, Ángel González.

Trombóns: Javier Otero, Daniel Martínez, Damián Riobó.

Tubas: Diego Groba, Carlos A. Fernández, Marta García, Elsa Hernández.

Percusión: Diego Rivera, Francisco Augusto, Gael Alberto, Daniel Piñeiro, David Gómez.

#### PROGRAMA

**Pierre-Francisque Caroubel (1555-1611) *Dances from Terpsichore* (arr. Makoto Onodera)**

- I. Passameze
- II. Bransle de Montirande
- III. Pavane de Spaigne
- IV. Galliarde

**Giovanni Grabieli (1557-1612) *Canzon duodecimi toni* (arr. R. King)**

**Paul Dukas (1865-1935) *Fanfare pour précéder "La Peri"***

**Hector Berlioz (1803-1869) *Marcha húngara (La condenación de Fausto)***

**Aaron Copland (1900-1990) *Fanfare for the Common Man***

**Serguéi Prokófiev (1891-1953) *Marcha from "The Love of Three Oranges"* (arr. F. Tull)**

**Henri Tomasi (1901-1971) *Fanfares Liturgiques***

- I. Annunciation
- II. Evangile

**Manuel de Falla (1876-1946) *Danza Ritual del Fuego* (arr. M. Santos)**

**Chang-Su Koh (1970) *A night, at a Bar***

- I. Whisky on the Rocks
- II. Red Wine
- III. Dry Martini



**Mércores, 5 de maio de 2021, 18:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### ***Ensamble de madeiras do CSMVigo***

Juan Carlos Díaz (director)

Fruitas: Celia Vallo, Carlota González, Bruna Carrilho, Ángela Rodríguez, Lara Raña, Belén Aragunde, Fátima Domínguez, María Ángel.

Óboes: Cristina Gómez, Beatriz Costa.

Fagotes: Belén Carril, Iria Pérez.

#### PROGRAMA

**Georg Friedrich Händel (1685-1759) *Music for the Royal Fireworks (arr. Christopher Weait)***

Bourré  
La Paix  
Réjouissance

**Gabriel Fauré (1845-1924) *Cantique de Jean Racine (arr. H. Kamioka)***

**Satoshi Yagisawa (1975) *Jewelry (arr. H. Kamioka)***

**Salvador Brotons (1959) *Flute Suite***

I. Divertimento  
II. Antiphony  
III. Scherzo

**Rika Ishige (1982) *Brindavan***

I. Andante  
II. Allegro



**Mércores, 5 de maio de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### ***Ensamble de clarinetes do CSMVigo***

Juan Carlos Díaz (director)

Lucía Comesaña, Celso Sampedro, Marta Diéguez, Javier Pousa, Iago López, Marta Diz, Sabela Diz, Alejandro Vázquez, Andrea Ramos, Raúl Martínez, Antía Lago.

#### PROGRAMA

**Satoshi Yagisawa (1975) *Pater Noster***

**Yousuke Fukuda (1975) *Clarinet Dances***

**Michele Mangani (1966) *Theme for Clarinet***

**George Gershwin (1898–1937) *Cinco pezas***

- I. Summertime
- II. I Got Plenty O'Nutin'
- III. Bess you is my woman now
- IV. It ain't necessarily so
- V. There's a boat

**Masamicz Amano (1957) *Deux Danses***

- I. Danse Melancolique
- II. Danse Antipathique



**Xoves, 6 de maio de 2021, 19:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

### ***Relatorio: Acheitamento ao repertorio camerístico de Salvador Brotóns***

Salvador Brotóns

#### **Salvador Brotóns**

Estudou flauta co seu pai, e realizou os estudos musicais no Conservatorio de Música de Barcelona acadando os títulos superiores de flauta, composición e dirección de orquestra. Os seus mestres foron Antoni Ros-Marbà, Xavier Montsalvatge e Manuel Oltra. Foi primeiro flauta da Orquestra do Gran Teatro do Liceo e da Orquestra Cidade de Barcelona.

No ano 1983 recibiu o premio Cidade de Barcelona pola primeira das súas sinfonías. No ano 1987 foi nomeado director da orquestra da Universidade de Portland, nos Estados Unidos, onde residiu ata 1997.

Ten sido asistente da Orquestra Sinfónica da Florida State University, director titular da Oregon Sinfonietta, da Mittleman Jewish Community Orchestra, e da Orquesta da Portland State University, universidade onde tamén ensinou contrapunto, dirección de orquestra, literatura, e historia da música.

Desde o ano 1991, é director titular da Vancouver Symphony Orchestra (EE. UU.) ao frente da cal ten sido distinguido co premio "Arts Council" outorgado pola Clark County e a cidade de Vancouver. En España ten sido director titular da Orquestra Simfònica del Vallès e da Orquestra Simfònica das les Illes Balears. Tamén exerce de profesor de dirección de orquestra e composición na Escola Superior de Música de Catalunya (ESMUC).



EXPLURART

NACOS 2021  
ONDAS

Xoves, 6 de maio de 2021, 20:00 h.

Auditorio Martín Códax do CSMV

## Monográfico sobre Salvador Brotons

Fernando Raña (frauta)

Ricardo Pazo (óboe)

Pablo Soto (percusión)

Rasa Biveiniene Jakutyte (piano)

Conxunto de corda do CSMV

Salvador Brotons (director)

O compositor catalán Salvador Brotons i Soler está considerado un dos compositores españoles de maior prestíxio internacional, como así o atesoura a consecución dos más importantes premios de composición tanto a nivel nacional coma internacional. O concerto de hoxe, no que teremos o privilexio de disfrutar dun relatorio do propio compositor, fará un percorrido por algunas das obras más representativas da súa dilatada andaina compositiva, abrangendo dende obras de xuventude ata estreas. A primeira obra do concerto, Capriccio Brillante, Op. 5, foi composta con apenas 16 anos de idade, aínda que revisada e ampliada no verán de 2012 coa finalidade de aportar maior contraste e diversidade ao conxunto. De seguido, escoitarase a Sonata/Concerto para óboe e piano (ou orquestra de cámara) Op. 115, que, estruturada en tres movementos contrastantes tanto en canto á enerxía rítmica coma ao lirismo, propón esta alternativa habitual na configuración do orgánico das derradeiras obras do catálogo do autor. No inicio da segunda metade e cunha nova combinación camerística, interpretarase a Fantasía Concertante, Op. 51. Trátase dunha obra encargo do Dúo "Contemporain" (Rotterdam) e estreada polo propio compositor en Portland no ano 1991. Para rematar, terá lugar a estrea do Doble concerto para frauta, óboe e cordas Op. 138, que, partindo da idea orixinal do Doble concerto para frauta e violín co mesmo número de opus, foi composta segundo a suxerencia do profesor do noso centro Fernando Raña.

### PROGRAMA

#### 1ª PARTE:

##### **Salvador Brotons i Soler (1959)**

*Capriccio Brillante para frauta e piano Op. 5*

*Sonata-Concerto para óboe e piano (ou orquestra de cámara) Op. 115*

- I. Obertura
- II. Berceuse
- III. Tarantella

#### 2ª PARTE:

##### **Salvador Brotons i Soler**

*Fantasía Concertante para frauta e marimba-vibráfono Op. 51*

*Doble concerto para frauta, óboe e cordas/piano Op. 138\**

- I. Allegro spiritoso
- II. Andante calmo
- III. Vivace leggero

# Poesía Galega en Música



**Martes, 11 de maio de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

## *Recital de poesía musicada e canción galega*

Alumnado e profesorado do Departamento de Canto

Laura Formigo (narradora e piano)

Iciar Borges, Aida Cruz, Patricia Blanco, Anna Melikhova (sopranos)

José Antonio Campo, Juan José Rodal (tenor)

Lucas López (barítono)

José Manuel Fernández, Severino Ortiz, Carlos Enrique Pérez (piano)

### PROGRAMA

**José Manuel Fernández** *6 Poemas musicados de Xela Arias* (texto: Xelia Arias)

Laura Formigo, Iciar Borges e Patricia Blanco (recitadoras)

**Xoán Montes** *Negra sombra* (texto: Rosalía de Castro)

**María Mendoza** *Os candieiros* (texto: Manuel Cuña Novás)

Patricia Blanco (soprano) José Manuel Fernández (piano)

**Isidro Maiztegui** *Noiturno do adoescente morto* (texto: F. García Lorca)

Lucas López (barítono) José Manuel Fernández (piano)

**Joaquín Rodrigo** *Un home, San Antonio!* (texto: Rosalía de Castro)

Emilia Pérez (soprano) Lucas López (piano)

**José Luis Pedrosa** *Nosa Señora da Barca* (texto: José Filgueira Valverde)

Andrea Rey (soprano) Lucas López (piano)

**José Baldomir** *Mayo Longo* (texto: Rosalía de Castro)

Juan José Rodal (tenor) Carlos Enrique Pérez (piano)

**Antón García Abril** *Todo é silencio* (texto: Rosalía de Castro)

Iciar Borges Carrera (soprano) Carlos Enrique Pérez (piano)

**Xosé Castro** *"Chané"* *Os teus ollos* (texto: Curros Enríquez)

Anna Melikhova (soprano) Carlos Enrique Pérez (piano)

**Eduardo Toldrá** *As froliñas dos toxos* (texto: A. Noriega Varela)

**Andrés Gaos** *Rosa d'abril* (texto: Rosalía de Castro)

Aida Cruz (soprano) Carlos Enrique Pérez (piano)

**Antón García Abril** *Coita* (texto: Álvaro de las Casas)

**Federico Mompou** *Aureana do Sil* (texto: Ramón Cabanillas)

José Antonio Campo (tenor) Severino Ortiz (piano)



LETRAS GALEGAS



**Xoves, 13 de maio de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

## ***Big Band do CSMVigo. Arranxos do folklore galego***

Alejandro Troya (director)

A Big Band do CSMVigo dirixida por Alex Troya no seu primeiro ano de andaina, amósanos tanto temas galegos tradicionais como de autor, cunha ollada diferente, e uns arranxos para esta formación que non nos deixarán indiferentes. Este concerto xurde dentro da colaboración do Departamento de Orquestra e o EDL, co gallo de amosar e difundir unha nova ollada sonora do noso patrimonio cultural vencellado a lingua e a tradición, á vez que a posibilidade de escoitar as novas composicións para esta formación que se fan en Galicia baseándose na nosa tradición. Esa tradición que nunca traizoa e a que nos conecta a nosa esencia que non é outra que sen verdade non hai arte. A Big Band co seu son característico, será a protagonista de darré un novo pulo a temas que forman parte do imaxinario musical galego e das nosas primeiras lembranzas musicais...

PROGRAMA

**Venres, 14 de maio de 2021, 20:00 h.**

Auditorio Martín Códax do CSMV

**Juan Durán: obra para saxofón e piano**

Juan Durán (presentación)

Dúo Brillance: Marcos Mariño (saxofón), Gabriel López (piano)

O Dúo Brillance, integrado por Marcos Mariño e Gabriel López, interpreta neste recital a integral da obra para saxofón e piano do compositor vigués Juan Durán, a cal teñen gravado recentemente. Será ademais o propio compositor quen presente neste concerto monográfico as súas creacións ao público asistente.

**Juan Durán**

Foi profesor numerario do Conservatorio Superior de Música de A Coruña. Desde 1997 a 2005 foi Asesor-técnico de Ensinanzas Artísticas da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. No 2006 exerceu o cargo de Xefe do Servizo de Ensinanzas de Régime Especial. Na actualidade, pertence ao Corpo de Inspectores de Educación, na especialidade de Ensinanzas Artísticas, e desempeña o cargo de Subdirector Xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.

Desenvolveu unha certa actividade como instrumentista de piano, no campo do acompañamiento e a música de cámara. Pero a súa verdadeira dimensión atópase na creación musical. Socio fundador da Asociación Galega de Compositores, é autor de case un centenar de obras. Cultiva preferentemente o xénero liederístico e a música de cámara.

Ten recibido importantes premios e recoñecementos, como o Premio da Crítica Galicia, na sección de Música, pola ópera *O arame*, ou o XXXV Premio Reina Sofía de Composición Musical, e no ano 2019 foi nomeado académico de número electo da Real Academia Galega de Belas Artes.

O seu compromiso coa música galega maniféstase, tamén, en traballos de recuperación do patrimonio histórico, como orquestracións de obras de Juan Montes, José Castro "Chané" ou Marcial del Adalid, de quen reconstruíu a súa ópera *Inés e Bianca*, por encargo do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

**Marcos Mariño**

Nace en Monterroso (Lugo) en 1981. Comeza a súa formación musical á idade de oito anos na Banda de Monterroso. Realiza os seus estudos de grao medio no Conservatorio Profesional de Música de Lalín, e finaliza o grao superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña, onde estuda co profesor Narciso Pillo e acada as máximas cualificacións, obtendo a Matrícula de Honra no Concerto Fin de Carrera.

Desde o ano 2001 é membro do cuarteto de saxofóns Samisax, e forma parte tamén parte dun dúo de saxofóns xunto a Alejandro Cimadevila.

No ano 2007 aproba por Concurso-Oposición a praza de funcionario como profesor de saxofón. Na actualidade é profesor de saxofón no Conservatorio Profesional de Música "Xoan Montes" de Lugo e colabora con distintas agrupacións, tales como a Banda Sinfónica Municipal da Coruña, Banda Sinfónica de Galicia, Banda Sinfónica Municipal de Lalín ou a Orquestra Sinfónica de Galicia. Forma xunto a Gabriel López Rodríguez o dúo de saxofón e piano "Brillance", co que teñen realizado concertos por toda a xeografía galega.





NACOS 2021  
ONDADAS

### Gabriel López

Nace en Fene, onde á idade de oito anos comeza os seus estudos de Solfexo. Continúa a súa formación no Conservatorio Profesional de Música de Ferrol, e finaliza o grao superior no Conservatorio Superior de Música da Coruña baixo a supervisión de Natalia Lamas. Durante o seu período de formación obtén as máximas cualificacións e acada diversos premios en concursos de ámbito nacional e internacional.

Realiza gravacións con diversos intérpretes, estrea obras de variados compositores galegos e ten acompañado a sinalados cantantes, entre os que poderíamos destacar a Borja Quiza, Pedro Martínez Tapia, Celso Albelo, Irina Lungu, Clara Jeliovsky, Carmen Subrido e, máis recentemente, Helena Abad e Axier Sánchez.

Forma parte do Dúo Sciolto (saxofón e piano) xunto a Alexandre Gallego, co que colleita diversos premios internacionais no ámbito da música de cámara (Verona, Sarajevo, Milán, Atenas, Viena...). Desde hai anos forma o Dúo Brillanace xunto ao saxofonista Marcos Mariño, co que, ademais de realizar numerosos concertos, ten presentado o seu primeiro CD.

Na actualidade é Pianista Acompañante no Conservatorio Superior de Música da Coruña.



### PROGRAMA

#### Juan Durán (1960)

*Concertino*

*Suite*

*Variacións sobre "El canto dels ocells"*

*Fantasía sobre "Negra sombra"*

*Entrada, Cantinela e Tango*

**Martes, 1 de xuño de 2021, 20:00 h.**

Auditorio de Praza do Rei (Concello de Vigo)

## **Concerto de premiados no VII Concurso de Música de Câmara do CSMVigo**

### PROGRAMA

2º PREMIO:

Saúl Puente-Dodd Álvarez (clarinete) & Violetta Tin (piano)

**Claude Debussy** *Primeira Rapsodia*

**Donato Lovreglio** *Fantasía de concerto sobre "A Traviata" de Verdi*

1º PREMIO:

Bruna Carrilho (frauta) & Raúl Rodríguez González (piano)

**Pierre Sancan** *Sonatine*

**Jeff Manookian** *Trío para frauta, clarinete e piano*  
(Saúl Puente-Dodd, clarinete)

- I. Variations – Maestoso
- II. Nocturne – Andante amoroso
- III. Toccata – Vivace



◀  
**2º PREMIO:**

Saúl Puente-Dodd Álvarez (clarinete)  
& Violetta Tin (piano)



▼  
**1º PREMIO:**

Bruna Carrilho (frauta) & Raúl Rodríguez González (piano)



Patrocinan:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Vivimos nunha cidade fermosa

Organiza:



CONSERVATORIO SUPERIOR  
DE MÚSICA DE VIGO

- ConservatorioSuperiorDeVigo
- @CSMVigo
- CSMVigo
- [www.csmvigo.com](http://www.csmvigo.com)

Covid 19 |  
CORONAVIRUS  
prevención




É obligatorio  
o uso de máscara.



Control de temperatura  
obrigado.



Uso obligatorio  
de xel hidroalcohólico.



Respete a distancia  
de seguridade.



Adiante a súa entrada  
ao concerto, as portas  
estarán abertas 30' antes.



Por favor, entre e saia  
de forma ordeada.



O programa  
poderá descargarse en  
[www.csmvigo.com](http://www.csmvigo.com)  
mediante código QR



O aforo  
estará limitado  
a 1/3